

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS), E A ASOCIACIÓN GALEGA DE DEPORTISTAS TRANSPLANTADOS E EN DIÁLISE (DETRADI GALICIA)

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, don Carlos Sánchez Montes, presidente da Asociación Galega de Deportistas Transplantados e en Diálise (en adiante DETRADI GALICIA) , CIF G44543338, no uso das atribucións que lle confire o artigo 28 dos Estatutos desta Asociación, que se rexe pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación en materia de asociacións que lle resulte de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir este convenio, e para o efecto,

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS) e se aproban os seus estatutos, a ADOS, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

**Segundo.-** A ADOS, que ten incluídas na súa Área de Órganos, Células e Tecidos as funcións de coordinación autonómica de transplantes, é a responsable de fomentar a doazón de órganos e tecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario como non sanitario en materia de doazón de órganos e tecidos.

Ademais ten asignada a intervención cos/as distintos/as responsables dos programas de transplantes e cos/as coordinadores/ras hospitalarios/rias para potenciar todas as actuacións tendentes a mellorar o funcionamento destas actividades, especialmente daquelas dirixidas á

consecución de doazóns, así como actuar como interlocutora coas representacións cidadás, medios de comunicación e asociacións de doentes incluídos nos diferentes programas.

**Terceiro.-** DETRADI GALICIA, nace con dous obxectivos primordiais: un obxectivo social de prestar apoio as persoas transplantadas, en lista de espera para transplante e en diálise, tamén a aquelas que foron doantes de órganos ou de medula e as súas familias; como obxectivo específico a promoción, prestación de axuda e consello para a realización de actividade física e deportiva que redunda nunha mellor calidade de vida destas persoas.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 6 dos seus estatutos, a Asociación DETRADI GALICIA ten entre as súas funcións prestar apoio ás persoas transplantadas e en diálise e aos seus familiares, fomentando ademais o deporte nestes pacientes. Do mesmo modo, traballa día a día para sensibilizar e informar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de facerse doante de órganos e tecidos.

**Quinto.-** Ambas partes, no respectivo ámbito de actividade, están interesadas en impulsar iniciativas dirixidas á consecución de doantes de órganos e tecidos, que permitan unha maior posibilidade de transplantes para os/as pacientes, sendo esta unha actividade de enorme importancia dentro das iniciativas tanto da ADOS coma de DETRADI GALICIA.

Á vista do anterior, ambas partes, recoñecéndose plena capacidade de obrar, acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas xerais que rexerán a colaboración entre a ADOS e DETRADI GALICIA para a definición e posta en marcha de actividades de colaboración que promovan a **necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón de órganos e tecidos na sociedade**, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os/as pacientes.

### Segunda.- Liñas xerais de colaboración

Para tal efecto, establécense as seguintes liñas xerais de colaboración:

Liña 1: Promoción da doazón:

- a) Desenvolvemento de programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos mecanismos e vías para posibilitar a doazón de órganos e tecidos.
- b) Posta en marcha de campañas informativas de promoción da doazón de órganos e tecidos dirixidas á poboación xeral.
- c) Realización de calquera outra actividade que redunde na promoción da doazón de órganos e tecidos, así como aquelas outras accións que as partes consideren de interese para os obxectivos perseguidos.



Liña 2: Formación específica:

Incluiranse nesta liña de colaboración os programas formativos para o persoal do Sistema de Saúde de Galicia e dos membros de DETRADI GALICIA en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos así coma a elaboración de material didáctico.

### **Terceira.- Publicidade da colaboración**

En calquera actividade promovida ou realizada polas partes ao abeiro do presente acordo farase constar que a mesma é froito da colaboración establecida entre as mesmas, e terá carácter gratuito para o público asistente ou participante.

### **Cuarta.- Material promocional**

A ADOS colaborará con DETRADI GALICIA compartindo material promocional do que dispón para a realización de tarefas de divulgación e información. Da información queda excluída aquela que teña a consideración de persoal ou especialmente protexida.

### **Quinta.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) A expiración do seu prazo de vixencia, ou do das súas prórrogas.
- b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada, ou a desaparición das causas que o motivaron.
- c) O mutuo acordo das partes.
- d) O incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
- e) A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
- f) A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.

### **Sexta.- Comisión de seguimento**

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por dúas persoas representantes designados pola dirección da ADOS, unha das cales exercerá a presidencia e a outra actuará como vogal e dúas persoas representantes de DETRADI GALICIA actuando como vogais e designadas pola asociación, o réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio.

Reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, alo menos unha (1) vez cada doce meses.

A Comisión de Seguimento emitirá unha avaliación anual do cumprimento e do grao de desenvolvemento do mesmo. Unha vez finalizado el período de aplicación do presente convenio



dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións específicas que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente convenio, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución das dúbidas e discrepancias que poidan presentarse.

### **Sétima.- Confidencialidade, protección de datos de carácter persoal e publicación de resultados.**

As partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, a información científica ou técnica pertencente á outra Parte á que poida ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, agás consentimento expreso, e sempre que esa información non sexan de dominio público.

Neste sentido, a parte receptora da citada información a manterá en confidencialidade e estrito secreto, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles empregados autorizados e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste Convenio.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluídas as relacións negociais entre as partes.

A publicación de traballos científicos derivados do presente Convenio será comunicada e se fará referencia á participación de ambas entidades no apartado de Material e métodos ou en agradecementos.

### **Oitava.- Prazo de vixencia e prórroga**

A duración do presente convenio de colaboración será de catro anos, desde o día seguinte ao da súa sinatura, salvo denuncia expresa dalgunha das partes asinantes. Ambas as partes poderán prorrogar o presente Convenio mediante acordo escrito, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público.



## **Novena.- Orzamento**

A sinatura do presente convenio non xerará custos nin dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

## **Décima.- Natureza xurídica**

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas por conciliación na Comisión de seguimento de conformidade cos principios de boa fe e confianza lexítima. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá a xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

## **Undécima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

E para que así conste a efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes firman o presente convenio na data da sinatura dixital.

**Pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos**

**Pola Asociación Galega de Deportistas Transplantados e en Diálise**

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Carlos Sánchez Montes

